



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Galicia Como Destino Turístico		Código	662G01040d
Titulación	Grao en Turismo (a distancia)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Caamaño Franco, Iria	Correo electrónico	iria.caamano@udc.es	
Profesorado	Caamaño Franco, Iria Crecente Maseda, Mario	Correo electrónico	iria.caamano@udc.es mario.crecente@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia pretende profundizar no coñecemento dos principais bens turísticos galegos en todos os ámbitos: natural, cultural e de servizos. A súa correcta clasificación, descrición, análise e estudo serán obxectivos fundamentais a alcanzar polo alumnado.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A8	Avaliar os potenciais turísticos e a análise prospectivo da súa explotación.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A18	Identificar e xestionar espazos e destinos turísticos.
A23	Analizar os impactos xerados polo turismo.
A25	Comprender un plan público e as oportunidades que se derivan para o sector privado.
A27	Comprender o funcionamento dos destinos, estruturas turísticas e os seus sectores empresariais no ámbito mundial.
A28	Coñecer os obxectivos, a estratexia e os instrumentos públicos da planificación.
A33	Creatividade.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A8	B1	C1
Coñecer os principais bens turísticos da comunidade galega	A18 A27	B6	C6 C7
Recoñecer os principais estilos e tipoloxías artísticas e os exemplos máis singulares presentes no territorio de estudo	A8 A18 A23 A33	B1 B4	C1 C2 C3 C6 C7 C8
Analizar as debilidades e potencialidades de Galicia como destino turístico	A8 A18 A23 A25 A27 A28 A33	B1 B2 B3 B4 B6 B7	C4 C7 C8
Estudar, a través dun contacto directo, a historia, xeografía e os principais xeodestinos turísticos da comunidade Galega	A8 A13 A18 A23 A25 A27	B1 B4 B6 B7	C1 C2 C6 C7 C8
Ser quen de explicar a unha audiencia os principais recursos turísticos de Galicia	A8 A13 A18	B1 B2 B3 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5
Saber deseñar un itinerario por Galicia que comprenda un número importante dos recursos estudados	A8 A13 A18	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á materia.	1.1 Características xerais e breve historia de Galicia. 1.2 Características xeográficas de Galicia: situación, principais trazos físicos. Galicia na Península Ibérica.
2. Historia de Galicia	2.1. Principais feitos históricos
3. Principais recursos do patrimonio histórico-artístico galego.	3.1. Percorrido polos diferentes estilos artísticos. 3.2. Principais tipoloxías: Mosteiros, catedrais, igrexas, castelos, pazos e outros edificios civís relevantes. 3.2. Exemplos máis relevantes da escultura e pintura en Galicia



4. A gastronomía.	4.1 Os viños. 4.2 Principais aspectos da cociña e da viticultura de Galicia. 4.3 Festas gastronómicas.
5. Principais recursos do patrimonio inmaterial galego.	5.1 A lingua. 5.2. O Folclore. 5.3. Festas, lendas, crenzas. 5.4. Outro patrimonio etnográfico. Artesanía e oficios populares
6. O Camiño de Santiago.	6.1 Repaso á historia e tradicións xacobeas 6.2 O Camiño francés. 6.3 Outros tramos galegos dos Camiños de Santiago.
7. Elementos principais dos Museos e Centros de Interpretación de Galicia.	7.1. Principais museos e tipoloxías. 7.2. Centros de IP. 7.3. Outros equipamentos
8.a Paisaxe e áreas naturais no litoral. 8.b Paisaxe e áreas naturais de interior.	8.a.1 Rías, illas e praias, zonas húmidas e areais, acantilados. 8 b.1. As montañas, os vales fluviais, os bosques e as lagoas (Serras setentrionais, Dorsal galega, Penechaira galega, Depresión de Ourense, A Limia. Val de Monterrei. Val de Arnoia. Terras do Carballiño. Val do Ribeiro. Valdeorras. O chanzo de Santiago. Fosa Padrón-Tui. As bacías do Tambre e o Ulla. Serras meridionais).
9. As cidades galegas como focos de atención turística.	9.1. A Coruña 9.2. Lugo. 9.3. Ourense. 9.4. Pontevedra. 9.5. Vigo. 9.6. Santiago. 9.8. Ferrol. 9.9. Outras localidades: Muros, Noia, Monforte, Ribadavia, Sanxenxo, Allariz, Viveiro, Carballo, ...
10.O "Top Ten" galego. Produtos. Xeodestinos.	10.1. Descrición e análise.
11. Rutas senlleiras.	11.1. Ruta da camelia. 11.2. Outros camiños. 11.3. Rede de rutas.
12. Espazos naturais.	12.1. Os espazos protexidos de Galicia. 12.2. A Rede Natura.
13. A Administración turística.	13.1. Competencias da administración do Estado e da Xunta en materia turística. 13.2. A Administración turística en Galicia. Órganos e funcións
14. Estratexias de promoción e comercialización de Galicia como destino turístico.	14.1. Principais canais de promoción. 14.2. Principais canais de comercialización.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A8 A18 A23 A25 A27 A28 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	60	60



Presentación oral	A8 A13 A23 A33 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C2 C3 C5	2	3	5
Proba mixta	A8 A18 A23 A25 A27 A28 B1 B2 B4 B6 C1 C2 C4 C6 C7 C8	1	0	1
Sesión maxistral	A8 A18 A23 A25 A27 A28 B1 B4 B5 C2 C4 C5 C6 C7 C8	10	71	81
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado, baixo a tutela do profesorado e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polo estudiantado da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Presentación oral	Exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	O alumnado poderá precisar atención personalizada na preparación das súas presentacións oráis e traballos tutelados.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A8 A18 A23 A25 A27 A28 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. Elexírase entre esta metodoloxía e a de aprendizaxe-servizo, como se explica no apartado referido a ela. (abaixo)	20
Presentación oral	A8 A13 A23 A33 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C2 C3 C5	As presentacións centraranse en temas propostos polos docentes a partir dos contidos da materia.	20
Proba mixta	A8 A18 A23 A25 A27 A28 B1 B2 B4 B6 C1 C2 C4 C6 C7 C8	Trátase dunha proba que pode combinar as preguntas discriminatorias, coas de desenvolvemento de temas.	60

Observacións avaliación

As persoas que, por unha causa xustificada, non podan asistir o día indicado para a súa presentación oral terán que acordar coa profesora outra data.

Todas as partes teñen que ser superadas ao menos nun 50% para poder facer o cómputo final. O alumnado que suspenda calquera das partes figurará en actas coa calificación obtida na parte suspensa, ata que se poda facer o cómputo final na seguinte oportunidade unha vez superadas todas as partes.

As instrucións detalladas sobre os traballos serán explicadas pola profesora na clase e expostas na plataforma Moodle para a súa consulta.

Os anteriores criterios de avaliación aplicaranse tanto na primeira como na segunda oportunidade.

O alumnado que libere unha parte da materia mediante unha proba parcial, só terá validez para o curso actual. Se unha persoa que ten liberada unha parte non consegue aprobar a materia no seu conxunto, nin en primeira nin en segunda oportunidade, a súa calificación final será suspenso, e terá que repetir toda a materia nos seguintes cursos académicos.

Está prohibido acceder ó aula na que se desenvolven as distintas probas de avaliación con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/u almacenamento de información.

Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia seguirán o mesmo sistema que o alumnado presencial, pero deberán realizar dous traballos propostos pola profesora (en lugar de un). Ademais, deberá porse en contacto con ela para realizar ao menos dúas titorías on line ao longo do cuadrimestre.

O alumnado que non se presente a ningunha das partes propostas na avaliación aparecerá como NP na acta. De presentarse a calquera delas, aparecerá como suspenso ata que na seguinte convocatoria presente ou aprobe a parte que falte para poder facer o cómputo final. Pódese dar o caso de que unha persoa suspenda algunha das partes, pero que a suma co resto dea aprobado. Nese caso a nota será un suspenso (o suspenso máis alto das que aparezan suspensas), pois para facer o cómputo é preciso, como se sinalou anteriormente, que todas as probas sexan superadas nun 50%. Implicacións da fraude académica na realización das probas ou actividades de avaliación: a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - LOIS, R.C. e PINO, D. (Coords.) (2015). A Galicia urbana. Eds. Xerais, Vigo - HERNÁNDEZ BORGE, J., DÍAZ FERNÁNDEZ, J.A (2000). O turismo en Galicia Potencialidades endóxenas e desenvolvemento urbano e economico. Servicio de publicacións Dip. de Ponteved - BAS, B. (1983). As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia. Cadernos do Seminario de Sargadelos. Edicións do Castro, Sada (A Coruña) - CEGARRA, B. (1992). Guía da arte de Galicia. Ed. Galaxia, Vigo (agora publicado por provincias) - CEGARRA, B. (1992). Guía e rutas da arte. Épocas e estilos. Ed. Galaxia, Vigo - OTERO PEDRAYO, R. (1980). Guía de Galicia. Ed. Galaxia - CALO LOURIDO et al (2005). Historia Xeral de Galicia. A Nosa Terra, Vigo, - LOIS GONZÁLEZ, R e FORMIGO COUCEIRO, J. (2003). Galicia. Ed Everest, León - LÓPEZ BERNÁRDEZ, C (2005). Breve historia da arte galega. Ed. Nigratrea, Vigo - PRECEDO LEDO et al. (2002). Atlas de Galicia. Hércules de Ediciones, A Coruña - VV. AA. (2002). Guía de espazos naturais. Galicia.. Ed El País-Aguilar, Madrid - PRECEDO LEDO et al. (2001). Atlas de Galicia. Xunta de Galicia. Sociedade para o desenvolvemento Comarcal de Galicia, Santiago - SORALUCE BLOND, J.R. (1999). Guía da arquitectura galega. Ed. Galaxia, Vigo - VILLARES, R. (2004). Historia de Galicia. Ed Galaxia, Vigo - PEMÓN, B. e DORNELO, X. (2000). Mitos, ritos y leyendas de Galicia. Martínez Roca, Barcelona - MARIÑO FERRO, X.R. (2000). Antropoloxía de Galicia. Edicións Xerais, Vigo - GIL, F.J. (2002). 50 rutas para conocer Galicia. Nigra Trea, Vigo - CRIADO BOADO, F. (ed.) (2016). Atlas de Arqueoloxía de Galicia. Eds. Xerais, Vigo - LÓPEZ CARREIRA; A. (2013). Historia de Galicia. Eds. Xerais, Vigo <p>Iranse engandido referencias bibliográficas máis concretas ao longo da materia</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase seguir os temas de forma progresiva e sempre tratar de manter contacto semanal coas profesoras. Lémbrase que a materia impártese en Galego e que se recomenda o emprego desta lingua en todas as actividades da materia. Atención á diversidade: a materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar, nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, cos servizos dispoñíbeis na UDC, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Turismo. Perspectiva de Xénero: Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proponse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías